

**CONCELLO DE POIO**

*Anuncio de licitación para a adxudicación das obras de saneamento en Arís e O Sartal, Poio, financiado polo Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local.*

Entidade adxudicadora.

Organismo: Concello de Poio. Servizo de Contratación.

Obxecto do contrato: a execución das obras incluídas no proxecto de saneamento en Arís e O Sartal, Poio.

Tramitación e procedemento de adxudicación.

Tramitación: urxente. Procedemento: aberto con varios criterios de valoración.

Tipo de licitación: 261.981,87 € (IVE incluído).

Prazo de execución: seis meses.

Garantías: definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE.

Información para obtención de documentación.

Entidade: Concello de Poio. Servizo de Contratación. Domicilio: praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio. Tfno.: 986 77 00 01. Fax: 986 77 12 77, [contratacion@concellodepoio.es](mailto:contratacion@concellodepoio.es) e perfil do contratante [concellodepoio.es](http://concellodepoio.es). Data límite para obtención documentos e información: día de remate do parzo de presentación de ofertas.

Presentación de proposicións: no rexistro xeral do concello, durante o prazo de 13 días naturais contados a partir do seguinte ao da última publicación deste anuncio de licitación no BOP, DOG e perfil do contratante de [www.concellodepoio.es](http://www.concellodepoio.es). Documentación: cláusula 13 do prego.

Criterios de adxudicación e apertura de proposicións: cláusulas 15 e 20 do prego.

Poio, 5 de abril de 2010.

Luciano Sobral Fernández  
Alcalde

**CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA**

*Anuncio.*

De conformidade co disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2002, do 30 de decembro, modificada polas leis 15/2004, do 29 de decembro; 6/2007, do 11 de maio; 6/2008, do 19 de xuño, e 2/2010, do 25 de marzo, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, expónse a información pública o expediente de delimitación do núcleo rural de Oseira, por un prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación

no DOG, para os efectos de posibles alegacións ou reclamacións.

San Cristovo de Cea, 23 de abril de 2010.

José Luis Valladares Fernández  
Alcalde-presidente

**CONCELLO DE VIMIANZO**

*Anuncio de convocatoria.*

No BOP da Coruña nº 73, do 21 de abril de 2010, publicáronse as bases da convocatoria para a provisión das seguintes prazas vacantes no cadro de persoal do Concello de Vimianzo e incluídas na oferta de emprego público para o ano 2010:

-Técnico/a de xestión (código XUA-02), escala de administración xeral, subescala de xestión, subgrupo A2, sistema: concurso-oposición, acceso libre.

-Técnico/a de xestión (código ECA-02), escala de administración xeral, subescala de xestión, subgrupo A2, sistema: concurso-oposición, quenda de promoción interna.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria publicaranse no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios do concello.

Vimianzo, 21 de abril de 2010.

Alejandro Rodríguez Lema  
Alcalde

**e) OUTROS ANUNCIOS****CENTRO UNIVERSITARIO DA DEFENSA-ESCOLA NAVAL MILITAR**

*Resolución do 10 de maio de 2010 pola que se convoca concurso público para a contratación de persoal docente para o curso académico 2010-2011 (CPD01).*

A Dirección do Centro Universitario da Defensa (en diante, CUD) na Escola Naval Militar de Marín (en diante, ENM), no uso das súas competencias, e tras aprobación na reunión do Padroado do 19 de xaneiro de 2010, resolve convocar concurso público polo procedemento de urxencia para cubrir as nece-

sidades docentes existentes mediante a contratación en réxime laboral de persoal docente, nas áreas que se relacionan no anexo II. Este concurso rexeráse polo disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU), modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, así como polo Decreto 266/2002, do 6 de setembro, da Xunta de Galicia sobre contratación de profesorado universitario, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante, Lei 30/1992), e pola normativa reguladora do procedemento para a provisión de prazas de persoal docente e investigador do CUD na ENM, aprobada na reunión do Padroado do 8 de marzo de 2010.

O concurso desenvolverase de acordo coas seguintes bases:

#### 1. Requisitos dos solicitantes.

1. Todos os requisitos deberanse posuír con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Os documentos acreditativos deberán estar actualizados ao referido prazo e, de estaren redactados en idiomas distintos ao galego ou ao castelán, deberán presentarse acompañados de tradución por intérprete xurado.

2. Para resultar admitidos, os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados, aos cales, en virtude de tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que está definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea. Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros estados cando así se considere nos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificados por España. Os nacionais de estados distintos dos apuntados anteriormente poderán tamén participar nos concursos e ser contratados sempre que se atopen legalmente en España, dispoñendo do documento que os habilite para residir e acceder sen limitacións ao mercado de traballo.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión da titulación indicada no perfil do anexo II.

d) Ter aboadas as taxas de participación en proceso selectivo.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin estar en inhabi-

litación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos. Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa a española deberán acreditar non estar inhabilitados ou en situación equivalente nin sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas correspondentes á praza.

#### 2. Presentación de solicitudes.

1. Os interesados deberán presentar unha solicitude (que se axustará ao modelo que figura como anexo III desta resolución e que se dirixirá ao director do CUD na ENM), acompañada de toda a documentación xustificativa dos requisitos e acreditativa dos méritos, por cada unha das prazas ás que concursen.

2. As solicitudes poderanse obter na páxina web do Centro Universitario da Defensa (<http://webs.uvigo.es/cudmarin> --Concursos de profesorado). As solicitudes deberanse presentar no Rexistro da Escola Naval Militar, Secretaría de Dirección (edificio de dirección, praza de España, 2, 36920, Marín) das 9.00 ás 13.00 horas, ou de acordo co procedemento establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Coa instancia de solicitude, achegaranse necesariamente os seguintes documentos e será causa de exclusión a falta dalgún deles:

a) Copia do documento acreditativo da identidade (DNI, NIE, pasaporte, ...).

b) Copia do título académico exixido en cada praza, ou da certificación de pagamento dos dereitos de expedición do título, ou se é o caso, da credencial de homologación expedida polo Ministerio de Ciencia e Innovación.

c) Xustificante de pagamento, dentro do prazo de presentación de instancias, de 40,54 euros por praza en concepto de taxas de participación no proceso selectivo, na conta corrente 0182-2069-70-0201557124, BBVA. Centro Universitario da Defensa. Taxas, facendo constar no impreso o código do concurso CPD01 e a/s referencia/s da/s praza/s. O pagamento realizarase directamente nas oficinas da citada entidade, utilizando para iso exclusivamente o impreso de solicitude (anexo III) ou mediante transferencia bancaria na cal deberá constar obrigatoriamente o DNI do interesado, o código do concurso así como a referencia da praza á que concursa. En ningún caso, a mera presentación da solicitude e o pagamento na entidade bancaria suporán a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude ante o órgano expresado na base 2.2.

Estarán exentos de pagamento os aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33% e os membros de familias numerosas clasificados na categoría especial; os membros de familias numerosas clasificados na categoría xeral terán unha bonificación do 50%. Nos

tres supostos será necesario que coa solicitude presenten as respectivas certificacións que o acrediten.

d) Para as prazas de profesor PCUD4 (véxase a táboa de dedicación docente no anexo V), o aspirante debe acreditar os seguintes requisitos:

1. Estar exercendo actualmente unha actividade profesional remunerada fóra do ámbito académico da universidade. Este requisito deberase manter, se é o caso, durante o tempo de vixencia do contrato.

2. Ter unha experiencia profesional durante un período mínimo de dous anos ao longo dos cinco últimos e posteriores ao pagamento das taxas para a expedición do título.

A acreditación realizarase:

-Traballadores por conta allea: mediante certificado de servizos prestados en administracións e organismos públicos ou certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesouraría da Seguridade Social.

-Traballadores por conta propia: certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesouraría da Seguridade Social. No caso de que, para a actividade profesional que se exerce, non resulte obrigatorio a alta en ningún réxime do sistema de Seguridade Social, deberase presentar certificación da mutualidade correspondente á súa actividade ou do colexio profesional; ou, se é o caso, alta no imposto de actividades económicas durante o mesmo período, xunto coas certificacións das empresas sobre os traballos realizados.

4. O prazo de presentación de solicitudes é de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48 da Lei 30/1992.

5. A publicación no taboleiro de anuncios da Escola Naval Militar así como na páxina web do CUD dos actos que integran este procedemento servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 30/1992.

3. Outra documentación.

1. *Curriculum vitae* detallado.

2. Certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos estudos universitarios e a data destas.

3. Copia simple dos xustificantes de todos os méritos alegados (só se valorarán os méritos suficientemente acreditados).

4. Proxecto docente referido ás materias que se indican para cada praza no anexo II.

4. Relación de admitidos e excluídos.

Nun prazo máximo de 15 días naturais desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, a Xerencia do CUD publicará nos lugares indicados na base 2.5. a relación provisional de admitidos e

excluídos, con indicación dos motivos de exclusión. Os candidatos disporán dun prazo de cinco días hábiles para a emenda de erros e a emenda das causas de exclusión, así como para achegar calquera outra documentación. Posteriormente, o director do CUD ditará resolución pola que se aproba a relación definitiva de admitidos e excluídos.

5. Valoración dos méritos.

1. Os méritos serán valorados por unha comisión específica do CUD, composta por tres profesores elixidos pola dirección do CUD, que se someterá na súa actuación ao previsto na Lei 30/1992. A comisión estará formada por profesores da área de coñecemento ou, na súa falta, de áreas afíns e con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á da praza de que se trate. A comisión quedará validamente constituída coa asistencia de dous membros e poderá actuar requiríndose sempre a presenza do presidente e do secretario ou, se é o caso, dos que os substitúan.

2. O baremo para a cualificación dos concursantes será o establecido no anexo I.

3. No mesmo acto de constitución, a comisión específica do CUD establecerá os criterios de valoración de méritos, que poderán matizar ou cuantificar o baremo con maior detalle. A devandita comisión publicará estes criterios antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes. De existir calquera incompatibilidade, o baremo do anexo I prevalecerá sobre os criterios de valoración da comisión específica do CUD.

4. Recibida a documentación dos aspirantes admitidos, a comisión específica do CUD disporá dun prazo de dez días naturais para avaliar os méritos dos candidatos. Os resultados serán cualificados cun máximo de 80 puntos nesta fase. Será necesario obter máis de 40 puntos para superar esta.

5. Como resultado do proceso de valoración obxectiva dos correspondentes currículos, a comisión xerará unha lista de preseleccionados para unha entrevista, constituída por todos aqueles aspirantes que superen os 40 puntos na cualificación. O presidente da comisión convocará aos aspirantes á entrevista cunha antelación mínima de cinco días hábiles, indicando lugar e hora para realizala. A convocatoria realizarase mediante anuncio no taboleiro de anuncios e páxina web do CUD.

6. A entrevista realizarase nas dependencias do CUD e valorará o compromiso dos candidatos cos fins deste, recollidos no punto 3 da cláusula segunda do convenio de adscrición, a súa idoneidade de acordo cos criterios previamente establecidos para a adxudicación das prazas, así como a súa destreza docente. Valorarase o proxecto docente presentado, de acordo coa súa adecuación á materia da praza obxecto de concurso. Esta fase cualificarase cun máximo de 20 puntos, e será necesario alcanzar 10 puntos para superala.

7. Unha vez realizadas as entrevistas, a comisión procederá a elaborar a proposta de provisión. A

Comisión adoptará os seus acordos por maioría dos membros presentes e, en caso de empate, decidirá o voto do presidente. O acordo de adxudicación da praza constará de:

a) Proposta de provisión da praza a favor do candidato que obteña a puntuación máis alta, indicando os concursantes que se consideran idóneos para seren contratados. A comisión poderá acordar a non provisión da praza, motivando esta decisión.

b) Relación de todos os candidatos ordenados pola puntuación total.

c) Puntuacións detalladas dos candidatos en cada un dos puntos e subpuntos do baremo.

8. A expresión da puntuación final e a súa desagregación para cada punto servirán de motivación á proposta de adxudicación. Este acordo, xunto coa documentación dos concursantes, enviarase á dirección do CUD que o publicará nos lugares previstos na base 2.5.

9. Cos candidatos que figuren na proposta de provisión constituirase unha lista de espera, na orde de prelación en que figuren.

#### 6. Resolución do concurso.

1. O director do CUD resolverá o concurso establecendo a data de inicio do contrato.

2. O delegado da Universidade de Vigo elevará ao reitor a proposta de concesión da *Venia Docendi* para os candidatos propostos para a contratación. A obtención da *Venia Docendi* será requisito imprescindible para ser contratado.

3. A Xerencia do CUD convocará ao candidato para que achegue a documentación necesaria para formalizar o contrato. De non presentarse na data indicada sen mediar causa suficiente, así apreciada pola dirección do CUD, considerarase que o candidato renuncia ao contrato, convocándose ao seguinte candidato na orde de prelación que figure na proposta.

4. De presentarse algunha reclamación, e en tanto non se resolva, poderase contratar ao candidato proposto incluíndo no contrato unha cláusula extintiva condicionada á resolución da reclamación. De confirmarse o candidato proposto, o contrato continuará a súa vixencia; en caso contrario, procederase á súa rescisión con efectos do día anterior á data de incorporación do novo candidato proposto, sen que, neste caso, o contrato poida ter efectos anteriores á data da súa sinatura.

#### 7. Reclamacións.

Contra os acordos de adxudicación, os candidatos admitidos poderán interpor reclamación ante o director do CUD no prazo de cinco días naturais desde a publicación daqueles. O director do CUD ditará a correspondente resolución esgotando a vía administrativa e que será notificada aos reclamantes.

#### 8. Contratación e obrigacións.

1. Profesor PCUD4 (véxase táboa de dedicación docente no anexo V): o contrato será de natureza laboral a tempo parcial cunha duración inicial dun ano (agás que no anexo II se precise outra distinta ou que a dirección do CUD así o estableza en función das particularidades de cada caso), prorrogable, sempre que persistan as necesidades docentes e salvo existencia de informe en contra. As retribucións brutas anuais dependerán das horas de dedicación: dedicación de 6 horas (PCUD4-6)-11.600 €; dedicación de 5 horas (PCUD4-5)-9.700 €; dedicación de 4 horas (PCUD4-4)-7.735 €; dedicación de 3 horas (PCUD4-3)-5.800 €.

2. Profesor PCUD3 (véxase táboa de dedicación docente no anexo V): o contrato será de natureza laboral a tempo completo por un período máximo de tres anos. As retribucións brutas anuais ascenderán a 23.200 €.

3. O período de proba será de seis meses e considerárase superado sempre que non conste obxección contraria dentro do devandito prazo.

4. As especificacións que constan no anexo para cada praza non suporán para os adxudicatarios vinculación exclusiva a esa actividade docente nin limitará a competencia do CUD para asignarlle outras obrigacións docentes e/ou investigadoras.

5. De acordo co previsto no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, os contratos estarán suxeitos á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e disposicións que a desenvolvan.

6. As partes expresamente establecen a non suxeición ao convenio único para o persoal laboral da Administración xeral do Estado.

#### 9. Derradeira.

1. As taxas de participación serán reintegradas de oficio aos aspirantes que sexan excluídos definitivamente do proceso selectivo e cubriren os datos bancarios necesarios para realizar a devolución.

2. A convocatoria, as súas bases e cantos actos se deriven desta e das actuacións das comisións poderán ser impugnados polos interesados no prazo e na forma establecidos pola Lei 30/1992.

3. A interposición de calquera recurso non suspenderá a execución do acto impugnado, no entanto, o órgano competente para resolver, logo de ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaríaa ao interese xeral ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que causa ao recorrente a eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou por petición deste, a súa execución segundo o legalmente establecido.

Marín, 10 de maio de 2010.

José María Pousada Carballo  
Director do Centro Universitario da Defensa  
na Escola Naval Militar de Marín

## ANEXO I

## Baremo para a cualificación dos concursantes

## 1. Titulación/formación académica.

Puntuación máxima no caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso: 10 puntos. A puntuación dos puntos correspondentes dividirase por dous no caso de titulacións afíns (puntos 1, 2, 3) ou áreas afíns (puntos 4, 5). Non se puntuará no caso de titulacións/áreas non afíns.

1. Expediente académico (nota media do expediente. A suma dos puntos obtidos dividirase polo número total de convocatorias consumidas).

Matrícula de honra: 4.

Sobresaliente: 3.

Notable: 2.

Aprobado: 1.

## 2. Grao de licenciado ou tese de licenciatura.

Sobresaliente: 1.

Notable: 0.66.

Aprobado: 0.33.

## 3. Premio extraordinario de licenciatura: 0,5.

## 4. Estudos de doutoramento:

	Sobresaliente <i>cum laude</i>	4
Tese	(ou apto <i>cum laude</i> )	
doutoral	Sobresaliente	3
	Notable	2
	Aprobado	1
Diploma de estudos avanzados		0,75

## 5. Premio extraordinario de doutoramento: 0,5.

## 2. Experiencia investigadora.

Valorarase a calidade dos traballos publicados, proxectos, comunicacións en congresos, etc. correspondentes ao área obxecto do concurso, ata un máximo de 10 puntos. A puntuación dos méritos correspondentes dividirase por dous no caso de áreas afíns. Non se puntuará no caso de áreas non afíns.

1. Publicacións: libros, capítulos de libros, artigos científicos, patentes, exposicións individuais e colectivas, etc.

2. Relatorios e comunicacións en congresos, simposios, xornadas, elaboración de catálogos, etc.

-Ata un máximo de 1,5 puntos.

3. Participación xustificada en proxectos de investigación subvencionados en convocatorias oficiais, outros proxectos I+D en empresas ou institucións.

-Ata un máximo de 1 punto.

4. Estancias debidamente acreditadas noutros centros de investigación.

-Ata un máximo de 1 punto.

5. Bolseiro de investigación, con acreditación oficial (FPI, predoutorais e homologados).

-0,125 puntos por cada ano de bolseiro, ata un máximo de 0,5 puntos.

6. Outros méritos de investigación (membros do consello de redacción de revistas, bolsas de investigación

de organismos privados, premios de investigación, etc.)

-Ata un máximo de 1 punto.

## 3. Experiencia docente.

Puntuación máxima da suma dos apartados aquí incluídos no caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso: 10 puntos. A puntuación dos apartados correspondentes dividirase por dous no caso de áreas afíns. Non se puntuará no caso de áreas non afíns.

## 1. Docencia universitaria:

-2 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo.

-1 punto por cada ano en réxime de dedicación a tempo parcial.

-0,75 puntos por cada 60 horas anuais de docencia para os bolseiros de investigación, con acreditación oficial.

## 2. Docencia non universitaria:

-0,50 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo. (No caso de que a comisión específica do CUD acorde considerar esta actividade como experiencia profesional, non se valorará neste apartado).

3. Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.

Nos casos de períodos de docencia inferiores a un ano, procederase ao prorrateo da puntuación.

## 4. Experiencia profesional.

Valorarase unicamente a experiencia profesional que se axuste ao perfil definido na convocatoria da praza: ata un máximo de 10 puntos. Outra experiencia profesional relacionada coa área, a puntuación dividirase por dous, ata un máximo de 5 puntos. Non se puntuará a experiencia profesional non relacionada nin co perfil nin coa área.

1. Actividade profesional que require título universitario: ata 2 puntos por ano.

2. Actividade profesional que non require título universitario: ata 0,33 puntos por ano.

Nos casos de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ao prorrateo da puntuación.

## 5. Outros méritos.

Outros méritos, non valorados nos apartados anteriores. Ata un máximo de 10 puntos. Cada mérito alegado non poderá ser valorado con máis de 2 puntos.

As puntuacións serán ponderadas de acordo co seguinte cadro de porcentaxes:

	<u>PCUD3</u>	<u>PCUD4-X</u>
1. Titulación	20	15
2. Experiencia investigadora	25	20
3. Experiencia docente	25	20
4. Experiencia profesional	20	40
5. Outros méritos	10	5

Ningún mérito poderá ser valorado en máis dun punto.

Se nalgún dos puntos ou subpuntos a suma da puntuación dun candidato supera o límite establecido, o que consiga o máximo terá a puntuación límite e para os restantes calcularase de forma proporcional.

**ANEXO II**

**Prazas. Concurso profesorado CUD (código CPD01).  
Curso académico 2010-2011**

Profesores contratados:

Prazas:

Referencia da praza: 01-PCUD3-01.

Área de coñecemento: matemática aplicada (595).

Categoría: PCUD3 contratado. Prazas: 1.

Titulación: licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

Perfil: cálculo I e álgebra e estatística.

Referencia da praza: 01-PCUD3-02.

Área de coñecemento: expresión gráfica na enxeñaría (305).

Categoría: PCUD3 contratado. Prazas: 2.

Titulación: licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

Perfil: expresión gráfica.

Referencia da praza: 01-PCUD3-03.

Áreas de coñecemento: física aplicada (385), enxeñaría mecánica (545) e teoría do sinal e comunicacións (800).

Categoría: PCUD3 contratado. Prazas: 1.

Titulación: licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

Perfil: física I e física II.

Referencia da praza: 01-PCUD4-04-01.

Área de coñecemento: organización de empresas (650).

Categoría: PCUD4-4 contratado. Prazas: 1.

Titulación: licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

Perfil: introdución á xestión empresarial.

Referencia da praza: 01-PCUD4-04-02.

Áreas de coñecemento: física aplicada (385), enxeñaría mecánica (545) e teoría do sinal e comunicacións (800).

Categoría: PCUD4-4 contratado. Prazas: 1.

Titulación: licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

Perfil: física I e física II.

Referencia da praza: 01-PCUD4-03-01.

Área de coñecemento: matemática aplicada (595).

Categoría: PCUD4-3 contratado. Prazas: 1.

Titulación: licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

Perfil: cálculo I e álgebra e estatística.



**CENTRO UNIVERSITARIO DA DEFENSA  
ESCOLA NAVAL MILITAR**

**ANEXO III  
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

<b>SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN</b>	
<i>Convocado proceso selectivo para a provisión da praza que se indica, SOLICITO ser admitido como aspirante para a súa promoción e DECLARO que son certos os datos presentados e/ou alegados</i>	
<b>DATOS DA PRAZA</b>	
Código do concurso	Referencia da praza
CPD01	
Categoría	
Área	
Perfil	
<b>DATOS DO CANDIDATO</b>	
Apelidos e nome	
DNI	Data de nacemento
Dirección	Código postal
Localidade	Provincia
Teléfono	Correo electrónico
De proceder o reintegro das taxas de participación, solicito que se transfira á conta (indíquense os 20 díxitos):	
código de banco	código de sucursal
-	-
-	-
D. C.	número de conta
En .....	de 201 .....
Sinatura	
DIRECTOR DO CENTRO UNIVERSITARIO DA DEFENSA NA ESCOLA NAVAL MILITAR DE MARÍN	
Ingreso na conta nº 0182-2069-70-0201557124, BBVA, Centro Universitario da Defensa, Taxas.	Importe: .....40.54.....euros.....

*ANEXO IV*  
*Curriculum vitae*

-Datos persoais:

Apelidos e nome.

NIF.

Data, localidade e provincia de nacemento.

Dirección, localidade e provincia de residencia.

Teléfono e correo electrónico.

-Datos académicos:

1. Títulos académicos: clase, organismo e centro expedidor, data, cualificación se a houber.

2. Postos docentes desempeñados: categoría, organismo ou centro, réxime de dedicación, data de nomeamento ou contrato, data de cesamento.

3. Actividade docente e profesional desempeñada.

4. Actividade investigadora desempeñada.

5. Publicacións de libros e monografías: autor ou coautor/es, título, editor, editorial, data (de estar pendente de publicación, xustifíquese a aceptación polo consello editorial).

6. Traballos científicos publicados en revistas españolas ou estranxeiras: autor ou coautor/es, título, revista, volume, páxina, data (de estar pendente de publicación, xustifíquese a aceptación polo consello editorial).

7. Outras publicacións.

8. Outros traballos de investigación.

9. Proxectos de investigación subvencionados e contratos con empresas.

10. Comunicazóns e relatorios presentados a congresos: título, organizador, carácter nacional ou internacional, lugar, data.

11. Patentes.

12. Cursos e seminarios impartidos: centro, organismo, materia, actividade desenvolvida, data.

13. Cursos e seminarios recibidos: centro, organismo, materia, data.

14. Bolsas, axudas e premios recibidos (posteriores á licenciatura).

15. Actividade en empresas e profesión libre.

16. Outros méritos docentes ou de investigación.

17. Outros méritos.

18. Cargos de xestión desempeñados: cargo, centro, período.

19. Dilixencia de referendo do *curriculum*.

*ANEXO V*

**Dedicación docente do profesorado do CUD**

Categorías	Categoría equivalente LOU	Dedicación docente (horas)		Dedicación centro* (horas)
		Semanal**	Anual	
PCUD1	Contratado doutor	12	360	60
PCUD2	Axudante doutor	12	360	60
PCUD3	Axudante	5	150	40
PCUD4-3	Asociado	5	150	40
PCUD4-4	Asociado	6	190	40
PCUD4-5	Asociado	7	230	45
PCUD4-6	Asociado	8	270	45
PCUD5	Invitado		75	20

\* As horas de dedicación ao centro entenderanse como o tempo que o profesor dispón para asistencia a reunións, comisións e outras actividades propias do centro.

\*\* As horas de clase semanal repartiranse entre teoría, prácticas ou laboratorio e tutoría presencial.

**SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.**

*Anuncio.*

Advertido erro material no artigo 15 do prego de condicións administrativas «Adxudicación e formalización do contrato» do expediente para a execución e xestión do recrecemento da fase I do vertedoiro de residuos de Areosa con referencia NC 0008/2010 eméndase do seguinte xeito.

Substitúese o parágrafo primeiro do mencionado artigo 15 polo seguinte.

«No prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva, o adxudicatario deberá subscibir o correspondente contrato de obra e servizo».

O resto do prego de condicións permanecerá inalterado.

Cerceda, 12 de maio de 2010.

Luis Lamas Novo  
Presidente